

## CRITERIOS PARA A ADXUDICACIÓN DE PRAZAS DA SECCIÓN BILINGÜE

Para poder ser admitido nalgunha das seccións bilingües ofertadas polo centro é preciso solicitalo no momento de formalizar a matrícula, debendo estar asinada esta petición polo pai/nai ou titor legal do alumno/a.

Non poderán cursar unha sección bilingüe aqueles alumnos que teñan materias pendentes do curso anterior.

No caso de que o número de alumnos que solicitan as seccións bilingües sexa superior ao número de prazas ofertadas, a selección do alumnado farase seguindo os seguintes criterios por orden de prioridade:

### **A. SECCIÓN BILINGÜE 1º DA ESO (XEOGRAFÍA E HISTORIA)**

1. Aprobar todas as materias de 6º de primaria
2. Maior nota na materia de inglés en 6º de primaria
3. Maior nota na materia de ciencias sociais en 6º de primaria
4. Maior nota media no conxunto de todas as materias de 6º de primaria

### **B. SECCIÓN BILINGÜE 2º DA ESO (MATEMÁTICAS)**

1. Cumprir os criterios de promoción a 2º da ESO
2. Maior nota de matemáticas en 1º da ESO
3. Maior nota na materia de inglés de 1º da ESO
4. Maior nota media no conxunto de todas as materias de 1º da ESO
5. Ter cursada con aproveitamento a sección bilingüe do curso anterior

### **C. SECCIÓN BILINGÜE 3º DA ESO (MATEMÁTICAS)**

1. Cumprir os criterios de promoción a 3º da ESO
2. Maior nota de matemáticas en 2º da ESO
3. Maior nota na materia de inglés no curso anterior
4. Maior nota media no conxunto de todas as materias do curso anterior
5. Ter cursada con aproveitamento a sección bilingüe do curso anterior

### **D. SECCIÓN BILINGÜE 4º DA ESO (TECNOLOXÍA)**

1. Cumprir os criterios de promoción a 4º da ESO
2. Maior nota na materia de inglés en 3º da ESO
3. Maior nota de Física e Química en 3º da ESO
4. Maior nota media no conxunto de todas as materias do curso anterior
5. Ter cursada con aproveitamento a sección bilingüe do curso anterior